

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Información pública. Dedicacións parciais

Información Pública. Dedicacións parciais

Expediente. 2019/X999/000303

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

PRIMEIRO.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de concelleiro/a delegado/a da área de Cultura, Ensino e Desenvolvemento Económico, cunha dedicación mínima de 20 horas semanais, no horario que fixe cada área, ao que se lle dará publicidade, para unha máis completa atención ao público.

SEGUNDO.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de concelleiro/a delegado/a da área de Benestar Social, cunha dedicación mínima de 15 horas semanais, no horario que fixe cada área, ao que se lle dará publicidade, para unha máis completa atención ao público.

TERCEIRO.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial dos tres cargos de concelleiro/a delegado/a dos Servizos Municipais, integrados na área de Urbanismo e Medio Ambiente; Equipamentos públicos, integrado na área de Obras, Réxime Interior e Seguridade; e Xuventude e Deporte, integrados na área de Cultura, Ensino e Desenvolvemento Económico, cunha dedicación mínima de 20 horas semanais, o primeiro, e de 15 horas semanais, os outros dous, no horario que fixe cada área, ao que se lle dará publicidade, para unha máis completa atención ao público.

CUARTO.- Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as das áreas e servizos, cunha adicación de 20 horas semanais, a cantidade de dezaioito mil sesenta euros 18.060,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2019.

QUINTO.- Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as das áreas e servizos, cunha adicación de 15 horas semanais, a cantidade de trece mil vinte euros -13.020,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos do 1 de xullo de 2019.

SEXTO.- Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta dos/das sres./sras. concelleiros/as, con efectos do 1 de xullo, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

SÉTIMO.- Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos cuarto a sexto do presente acordo; de ser o caso tramitar as correspondentes modificacións orzamentarias.

OITAVO.- Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.”

Bergondo, 28 de xuño de 2019

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez